



Concello de Boiro

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE ADMINISTRATIVO (GRUPO C1).

SESIÓN DO 17/09/2021

Asistentes:

Presidenta:

Marta Oviedo Creo

Vogais:

Severino Abalo Chouza

Secretaria:

María Mariño Poza

No salón de Plenos do Concello de Boiro, sendo as 13:00 horas do 17/09/2021, reúnense os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de emprego destinada á cobertura con carácter temporal de postos de administrativo (grupo C1).

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 21/07/2021.

O obxecto desta sesión é a resolución de alegacións presentadas ó segundo exercicio, a valoración de méritos e a convocatoria para a realización da proba de coñecementos da lingua galega.

1.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS Ó 2º EXERCICIO:

Consta unha única alegación presentada en relación co segundo exercicio da fase de oposición, formulada pola aspirante Plácida Sieira Martínez (2021-E-RE-3259 de data de 15/09/2021) na que solicita: *“se proceda a revisar el examen indicando los criterios de corrección aplicados a cada pregunta y su baremación, considerando la interesada que procede una calificación mayor a la obtenida”*.

Criterios de corrección: segundo as bases *“A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 20 puntos, sendo preciso acadar 10 puntos como mínimo, para supera-la proba, correspondéndolle ó tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima”* tal e como se explicou o día da proba a tódalas persoas aspirantes, e antes da súa realización, o 2º exercicio tiña unha puntuación máxima de 20 puntos, para o cal era necesario obter un mínimo de 10 puntos para considerarse superada a proba. A proba consistiu na realización de 4 supostos prácticos, asemade se explicou que cada suposto práctico tería un valor máximo de 5 puntos.

Os supostos do 1 ó 3, tiñan cada un 5 epígrafes, os cales se puntuaban a 1 punto cada un. O suposto práctico número 4 constaba de 10 epígrafes, os cales se puntuaban cun máximo de 0,50 puntos cada un deles.

Revisado o suposto práctico entregado pola aspirante Plácida Sieira Martínez, o tribunal non aprecia ningún tipo de erro relativo a erros materiais ou aritméticos na súa valoración, polo cal, tendo en consideración que a interesada non impugna a corrección de ningunha resposta en concreto, nin alega argumentos para a modificación de ningunha das puntuacións outorgadas, acórdase por unanimidade ratificar a puntuación inicialmente outorgada de 9,93 puntos.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5DEF755K3A5JN7N7YLAAMMM6C. | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Boiro

2.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:

De seguido procédese a valoración de méritos alegados polos candidatos/as utilizando os criterios fixados nos apartados 10.2.1 e seguintes das bases.

Para tal efecto fanse as seguintes aclaracións:

Respecto da valoración da experiencia profesional, segundo o artigo 12 do TREBEP "La condición de personal eventual no podrá constituir mérito para el acceso a la Función Pública o para la promoción interna", polo que esta experiencia non será valorada a efectos de méritos.

En relación a valoración da formación atendendo ás bases, non se valoran cursos impartidos por universidades, competencias dixitais de ofimática expedido pola AMTEGA nin accións formativas para o emprego nas que non conste que foron impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP). Tampouco se valoraron as actividades de formación de persoal interino de postos de habilitados nacionais impartidas pola EGAP por entenderse que son "cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios".

Así, o tribunal acorda asignar as seguintes puntuacións no apartado de valoración de méritos:

Nº	NOME	Ex. Prof. admtvos	Ex. Prof. resto	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁX. 10 PTO)	TOTAL FORMACIÓN (MÁX. 5 PTO)	TOTAL MÉRITOS (MÁX. 15 PTO)
1	ALEJANDRO IGLESIAS PERNAS	0,40	0,10	0,50	0,00	0,50
2	BEATRIZ GONZALEZ VECÍN	10,00	0,00	10,00	5,00	15,00
3	CARLOS NEIRA CORTIZAS	1,00	1,40	2,40	4,53	6,93
4	CLARA FERNANDEZ WILLISCH	0,00	0,00	0,00	1,10	1,10
5	DIGNA GONZALEZ LAIÑO	3,60	1,00	4,60	0,40	5,00
6	EMMA OUVIÑA CASTRO	2,20	0,00	2,20	0,00	2,20
7	EVELYM DEL CARMEN RODRIGUEZ LOPEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8	JOSE FERNANDEZ CAMPOS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	LUCIA CARRERA GOMEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
10	MARIA DOLORES VENTOSO POUZO	2,20	2,40	4,60	0,61	5,21
11	MARIA GONZALEZ MARTINEZ	0,00	3,10	3,10	3,11	6,21
12	MARIA JOSE CARIDAD LOPEZ	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	MARIA OLVEIRA ARCOS	0,00	4,10	4,10	0,40	4,50
14	MARIA OVIEDO BATALLA	6,00	0,00	6,00	1,76	7,76
15	MARIA PILAR RIAL FILGUEIRA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
16	NEREA GONDAR VILLANUEVA	0,20	1,70	1,90	2,15	4,05
17	SANDRA MARIA SAMPEDRO REGO	3,10	1,20	4,30	2,09	6,39
18	VERONICA MUÑIZ SOTELO	0,00	2,20	2,20	0,00	2,20
19	XESUS MANUEL RIOS PENA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS:

O tribunal acorda dar un prazo de alegacións ás puntuacións relativas á valoración de méritos de dous días hábiles a contar dende o seguinte a publicación desta acta na páxina web do concello de Boiro www.boiro.gal.





Concello de Boiro

4.- CONVOCATORIA 3º EXERCICIO.

O tribunal acorda convocar á aspirante EVELYM DEL CARMEN RODRIGUEZ LOPEZ para a realización da proba de coñecemento da lingua galega o vindeiro xoves 23 de setembro de 2021 ás 9:00 horas no salón de Plenos do Concello de Boiro.

Dando por rematada a sesión cando son as 15:50 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Marta Oviedo Creo

María Mariño Poza

Severino Abalo Chouza



Cod. Validación: 5DEF755K3A5JN7NFYLAAMMM6C. | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3